

Suárez Pazos, M. (1998). Relatos de mulleres. A vida nos colexios de monxas. En C. Caruncho e P. Mayobre (Coords.), *Novos dereitos: igualdade, diversidade e disidencia* (pp. 85-106). Coruña: Tórculo.

RELATOS DE MULLERES. A VIDA NOS COLEXIOS DE MONXAS

Mercedes Suárez Pazos

O uso do método biográfico nas ciencias sociais está relacionado coa revaloración do particular, personal e cotidiano. Trátase de darlle a palabra aos protagonistas anónimos, fronte a unha visión excesivamente abstracta e deshumanizadora do mundo social.

No ámbito das biografías existen tres tipos de narrativas xeneradas a través de enquisas ou entrevistas (Pujadas, 1992: 13-14): os relatos de vida, biografías tal e como son contadas polos narradores; as historias de vida, reconstrucións dunha biografía a través de relatos e outro tipo de informacións complementarias, e os biogramas, rexistros biográficos dunha ampla mostra de biografías personais co obxecto de establecer comparacións.

No presente traballo utilizamos os relatos de vida, no que as personas nos falan, coas súas propias palabras, de momentos e etapas da súa vida que foron cruciais na construción da súa identidade. Tal e como afirma Chase (1995: 2), os relatos de vida son narracións sobre algunha experiencia vital profunda e duradeira para os propios narradores. Dende esta óptica, e dentro do noso sistema cultural, podemos considerar o paso pola institución escolar como unha fase importante da nosa biografía, tanto pola idade na que se produce (infancia e adolescencia), e a extensa duración deste período, como pola intensidade da experiencia que proporciona nos ámbitos social, afectivo e intelectual.

No traballo recóllense relatos de 38 mulleres (nadas entre 1948 e 1973) que nalgún momento da súa vida escolar pasaron por colexios de monxas. As súas narracións non nos ofrecen elementos ordenados cronolóxicamente, senon imaxes compostas por datos e sensacións cunha relevancia especial para estas mulleres. Sen embargo, o contido destes relatos non poden ser vistos como experiencias ailladas, azarosas ou arbitrarias. Moi ao contrario, configuran un retrato coherente, con significado personal, no que as narradoras, coa perspectiva que da o presente, reinterpretan a súa vida como un retrato de conxunto, holístico, ofrecéndonos o que consideran relevante nunha etapa da súa biografía (Rosenthal, 1993: 62).

As narradoras presentan por escrito os seus recordos escolares, sen que contaran con ningunha pauta para reelaborar as súas vivencias, posto que cando se traballa con categorías *a priori* seleccionadas previamente polos investigadores, se crea unha importante fonte de distorsión (Kimery, 1992: 146). Sen estas limitacións, e aínda recoñecendo que sucedeu mais do que se conta ou se recorda (Goodson,

1991: 135), temos así relatos sen cortapisas, libres, só condicionados polas evocacións e os desexos das autoras.

As mulleres que participaron neste traballo foron todas elas estudantes universitarias que cursaban estudos de Pedagogía ou Psicopedagogía en Ourense, na súa maior parte xa mestras, ben en activo ou en paro, nadas entre os anos 1948 e 1973 e que, polo tanto, estiveron escolarizadas tanto antes como despois da implantación da Ley General de Educación de 1970.

O conxunto dos seus relatos ofrécenos un cuadro cheo de detalles, anécdotas, medos, momentos de felicidade. Píntannos dun xeito moi vivo, ás veces case fotográfico, o ambiente que viviron nos colexios de monxas, as instalacións, o mobiliario das aulas, as rutinas escolares, as festas, o profesorado, a metodoloxía didáctica, as técnicas de control... Sen embargo, non debemos interpretar esta información como un retrato fiel da realidade. Non se trata de saber como eran os centros de relixiosas, senon como son lembrados, como lle afectou a estas mulleres e como elas reconstrúen e lle dan significado personal, e polo tanto subxectivo, a esta etapa da súa vida. Tal é como defende o enfoque hermenéutico, os relatos son interpretacións da vida (Widdeshoven, 1993: 4).

Agora ben, posto que as narracións ubícanse en contextos históricos, xeográficos e sociais semellantes, sempre podemos extraer o que hai de común dentro dos diferentes relatos. Así mesmo, as lectoras deste traballo poderán comparar estas vivencias coas súas, recoñecerse ou non, e, sobre todo, poderán ter a oportunidade de evocar a súa propia vida como escolar e trasladar estas imaxes ao momento actual. Agardamos que estes relatos nos axuden a reflexionar sobre a incidencia non só social, senon tamén personal, da institución escolar. Agradecemoslle a todas estas mulleres o compartir connosco unha parte importante da súa vida.

As narracións estruturáronse en catro grandes apartados: a vida no internado, o ambiente de colexio, as estratexias de supervivencia e a comparación entre os colexios de monxas e os centros públicos. No traballo utilízanse fragmentos textuais extraídos dos relatos, seguidos do ano de nacemento da autora.

A vida no internado.

Só me lembro de monxas vagando polos pasillos, un desagradable cheiro a comida e unha anguria que non me deixaba dormir (1965)

Estudiar interna é a consagración do secuestro físico e moral do sistema educativo. Todo está baixo control: os comportamentos, as amizades, os ambientes de aprendizaxe e de socialización, as rutinas diarias. Non hai escapatoria posible. O corpo está enclaustrado, só queda o refuxio do pensamento, o máxím e os sentimentos.

Eu proviña dunha aldea...

Durante moitos anos, no mundo rural galego non existían centros onde se poidesen cursar estudos secundarios. Os institutos estaban situados nas capitais de provincia ou en algunhas vilas con núcleos de poboación importantes. As nenas que

vivían en pobiños aillados (que eran moitos), se querían seguir estudiando non tiñan outra alternativa que estudar internas. O mesmo lle sucedía a aquelas que tiñan á nai e ao pai emigrados. Case todas acababan en internados de monxas. O choque era brutal, pasaban dunha escola rural ou dunha concentración escolar próxima ao seu domicilio, aos seus veciños e amigos, para ir a un centro pertrechado, aillado do exterior con muros difíciles de traspasar, un ambiente descoñecido, con normas moi rixidas e estranas.

Un dos problemas engadidos que endurecía a vida no internado das nenas de orixe rural era o desprecio que se mostraba pola cultura campesina, manifestado especialmente polo rechazo ao idioma galego. Eran culturas e modos de vida diferentes, enfrentados e xerarquizados: o modelo urbano, con prestixio social, e o modelo rural, totalmente despreziado. As nenas procedentes do campo viron mermada a súa autoestima personal e colectiva. Deixaron de ser personas normais a ser obxecto de escarnio. Foron introducidas nun sistema eficaz de desclasamento social, lonxe dos seus.

Eu proviña dunha aldea (...), eu, os meus, tiñamos unha lingua que, unha vez chegada a Ourense, resultaba non só ser extrana senón obxecto de burla por parte das outras rapazas, que eran as señoritas e de fala castelán, e eu e algunha outra eramos como bichos raros, analfabetas, atrasadas, de “pueblo”, por falarmos a nosa lingua. (1954)

Era tan pequena...

Outro aspecto importante é a idade en que as nenas entraban no internado. Moitas das narradoras naceron antes dos anos 60 e, polo tanto, foron escolarizadas nun sistema educativo anterior á Ley General de Educación de 1970. Despois dun exame de ingreso, comenzaba o bacharelato elemental aos 10 anos. Esta é a idade en que marchaban de casa moitas das nenas que estudiaban internas o bacharelato. O efecto que sobre elas tivo a vida nos colexios de monxas foi aínda mais dramático pola súa corta idade. Unha das narradoras, que entrou interna aos 8 anos, porque nese momento os seus pais emigraron, cóntanos a súa impresión ao entrar no colexio:

O que mais me impactou foi o que fomos tantas, tan iguais, e todas en silencio. Dábanme algo de medo aqueles corredores tan longos, os hábitos, os rezos..., aquela seriedade e tristura. (1959)

Tanto tempo lonxe da miña casa...

O control do tempo, a través das rutinas escolares, era no caso do internado, sumamente estrito. Levantarse ás 7,30, misa ás 8, despois o almorzo e as clases ata as 13,30. Despois do xantar tiñan un recreo ata as 16, logo tres horas de clase pola tarde, e a continuación o rezo do rosario. Despois merendaban e xogaban un rato. Rematado este tempo de descanso, pasaban ao salón de estudio quedando alí ata a hora da cea, Despois a dormir, e ao día seguinte, volta a comenzar. Só quedaba o fin de semana para poder gozar dun tempo para compartir coa familia e coas amistades, iso sempre que non houbera un castigo ou calquera outro motivo que obrigara a permanecer no colexio tamén o fin de semán.

Recordo desta época de internado os fins de semana que non iba a casa, que se convertían para min en días agobiantes. Reducíanse a dous días de estudos e xogos no patio. Saíamos só os domingos pola tarde se facía bo tempo ou non estabamos castigadas, pero antes tiñamos que rezar o rosario, algunhas veces intentaba escabullirme dos rezos, pero poucas o conseguía. (1961)

Tamén era estricto o control do movemento corporal. Calquera tipo de traslado facíase en silencio e en filas. As nenas internas, agás os momentos de recreo, non contaban con posibilidades para os movementos amplios e rápidos, eran todos desplazamentos en orden e pausados, baixo a mirada vixilante das monxas. Non é de extranar que algunhas nenas aproveitaran caqueira oportunidade para dar rienda solta á súa necesidade de se mover:

Recordo que me encantaba patinar polos pasillos, eran tan longos e estaban tan encerados que me invitaban a correr por eles, pero sempre ao final na curva había unha monxa. Consecuencia: chamar aos pais, castigos... Ao final logrei sobrevivir. (1953)

Algunhas nenas fóronse adaptando progresivamente a este entorno, o colexio chegou a ser a súa casa. Sobrevivían unhas veces con “*horas e horas de soños fantásticos*”, outras veces cubrían as súas necesidades afectivas cun fervor relixioso, e, sobre todo, polas amigas que facían entre as súas compañeiras.

Pero para moitas nenas este tipo de vida era un suplicio, querían saír de alí como fose. Algunhas optaban por estudar moito para evitar repetir curso e non alongar a súa estancia no colexio

Toda esta situación que vivía facíame cada vez mais tímida e medosa, e o meu único obxectivo era estudar para saír canto antes de alí; a idea de repetir e quedar alí un ano mais horrorizábame (...) canto peor estaba mais ganas tiña de marchar, entón mais estudiaba. (1965)

Outras intentaban sobrevivir como podían, incluso rebelándose claramente, porque pouco podían perder

Era unha nena rebelde e xunto con outras duas amigas botabamoslle pegamento na silla na que se sentaban as monxas, pica-pica para que estornudaran... Divertiamonos así..., pero a elas non lles facía ningunha gracia, claro que como nós xa estabamos pechadas pouco castigo maior nos podían poñer. (1948)

O ambiente no colexio.

Hai cousas das que nunca me esquecerei: as misas obrigatorias, os rosarios do mes de maio, os castigos de xionllos cara a parede, os chicles pegados no pelo, ou ter que barrer os patios cada vez que te atopaban comendo pipas (1962)

O clima que se respiraba nos colexios de monxas estaba marcado por normas estrictas, por un ambiente de orden, silencio, monotonía, obediencia e rezos.

As actividades relixiosas estaban presentes en todo o tempo escolar, a través de oracións, rosarios, novenas, misas e exercicios espirituais. Era tal a saturación

que algunha narradoras apenas teñen outros recordos que non sexan deste tipo, ou ao menos foron os que mais lle impactaron.

Cada ano de aqueles era como un século. Cando empezaba o curso daba a sensación que aquilo non tiña fin. Todo se compuña de misas, oracións todas as mañáns, co que había que estar no colexio media hora antes, polas tardes rosarios, e, logo, cando chegaba cada profesor a impartir a súa materia, levantabámonos todas e volvíamos a rezar (1967)

Nas rutinas diarias estaban presentes as oracións. Rezábase á entrada e á saída do colexio (unha práctica moi usual incluso na década dos 80), nas propias aulas e, nalgúns casos, nas clase de labores. Despois estaban as misas dos domingos, con algunha frecuencia de asistencia obrigatoria. O mes de maio viña tinguido de rosarios ou novenas antes de comenzar as clases da tarde e con flores e versos á virxen. Tamén se podían cumprir os primeiros venres de cada mes, con confesión e comunión. Outra actividade importante eran os exercicios espirituais, que solían durar tres días, un tempo que para algunhas alumnas era unha alegría porque non había clases, mentras que para outras constituía unha verdadeira tortura, asustadas como estaban polas mensaxes de condenación eterna. De vez en cando puñan películas das misións ou se celebraba algunha festa relixiosa. Por se isto era pouco, nalgún colexio rezábase o rosario na clase de Fogar, mentras as nenas cosían (“*tiñamos que saber moi ben os Misterios, do contrario había que copialos unhas cantas veces*”, 1959). Menos mal que en outros centros, e tamén en outros momentos históricos, as nenas apreciaban as clases de labores porque eran a oportunidade que tiñan para facer grupiños e charlar tranquilamente.

Trataban a algunhas alumnas millor que as outras...

Outro aspecto característico do ambiente nos colexios de monxas era o favoritismo e o trato discriminatorio. Nestes colexios tíñanse que admitir obrigatoriamente un número reducido de alumnas gratuitas, que por ser pobres non pagaban ningún tipo de cuota. Eran estas nenas as que recibían peor trato, recibían mais castigos físicos, tiñan obrigacións diferentes (por exemplo, secar os cubertos no comedor), ou, nalgúns casos, tiñan un distintivo externo que as diferenciaba a simple vista: un uniforme diferente. Como situación contraria, as nenas de “familia ben” eran as privilexiadas. Con todo, era importante levarse ben coas monxas; a elas gustábanlle que lle fixeran “a pelota”, e solían ter alumnas preferidas, denominadas nalgúns casos os “capullitos das monxas”. En xeral, as nenas sentíanse a disgusto con este trato discriminatoria. Así o explicitan algunhas das narradoras:

*Lémbrome tamén das palizas que lle daban as monxas a algunhas nenas, sobre todo ás internas que non pagaban; con estas ensañábanse (1950)
Outras das cousas que me lembro e non me facía ningunha gracia era a discriminación que había entre unhas rapazas e outras. Recordo que algunhas, por ser fillas de fulano ou mengano, gozaban de outro trato, eran mais listas e no verán tiñan vacacións antes que as demáis porque ían á praia (1960)*

Incluso as nenas privilexiadas sentían certa aversión a este favoritismo, aínda que se beneficiasen del:

Ao facerme maior, empecei a observar certas diferencias no trato coas alumnas. Conmigo non se portaron mal, pero me sentía no medio dunha situación inxusta (1960)

Este favoritismo xeneraba un clima de denuncia; por caerlle ben a unha monxa, había nenas que acusaban ás súas compañeiras, unha conducta ésta absolutamente rechazada polas demais alumnas. Claro que a competitividade tamén se favorecía no ámbito académico. Era bastante frecuente que a clase se organizara por niveis, o que daba lugar a tres grupos distintos, que ocupaban na clase espazos diferentes: “*o das listas, o das menos listas e o das burras*” (1965). Outra práctica usual era tomar a lección ás alumnas en fila, de tal xeito que cando se fallaba unha pregunta pasábase ao último lugar da fila. Tamén as calificacións podían ser obxecto de escarnio público; unha das narradoras recorda como un detalle sádico a lectura pública das notas de todas as alumnas do colexio no salón de actos. Comportamentos así non favorecían a solidariedade, sen embargo, e a pesar de todo, as nenas buscaban nas súas compañeiras amizade, axuda e complicidade. Unha parte importante das nosas narradoras sitúan os seus mellores recordos nas amizades que crearon durante a súa estancia no colexio.

Aprendín a obedecer...

Un ambiente cheo de normas, de rixidez, de monotonía... só podía ser respetado utilizando o castigo como instrumento de control das condutas. A lista de castigos que mencionan as narradoras é moi variada, van dende o castigo físico á violencia psicolóxica, pasando pola privación do tempo libre e do movemento, e a imposición de actividades rutinarias. A tipoloxía de castigos é, como xa indiquei, moi ampla: dar palizas, pegar coa regra, atar ás sillas, poñer de xionllos cara a parede, humillar públicamente, tapar a boca, ir ao colexio os fins de semana (a oír misa, rezar o rosario ou facer horas de estudo), suprimir a excursión de fin de curso, facer copias ou contas interminables.

Co paso do tempo van variando as formas de control; na década dos oitenta ninguén menciona xa casos de violencia física, pero os castigos permanecen. As narradoras recordan con especial dolor aqueles castigos que están relacionados coa humillación pública, os peores de todos eran aqueles nos que as nenas levaban os estigmas do pecado ben visibles, como, por exemplo, sacalas ao pasillo para que todo o mundo as vise, pasealas polas clases, pegarlle o chicle no nacemento do pelo ou no nariz. Debíanse sentir como os reos expostos nas prazas públicas.

Tive unha monxa que cando non sabías a lección te castigaba, e o seu castigo era sempre avergoñarte. Levábate a un corredor por onde pasaban as relixiosas a xantar despois de rezar, e alí estaba unha de escaparate, para ser o faimerreir das demás (1955)

Un castigo ao que lle tiñamos pavor era que, se non sabías as lección, púñannos un libro na cabeza e con el deste xeito percorríamos as clases das maiores. Desde a perspectiva dun adulto este castigo semella unha solemne tontería, pero de pequeno resulta terrible que os maiores se risen dun (1963)

Calquera cousa era obxecto de castigo: falar, moverse sen permiso, non saber a lección, non ir vestida adecuadamente, levar os beizos pintados, etc.

Do outro sexo, nen falar...

Nos colexios de monxas a separación dos sexos era radical, física e psiquicamente. Non só impedían a convivencia no propio centro, senon tamén fora del. Non deixaban ás alumnas xogar cos nenos na rúa, non podían vestir ou arreglarse dun xeito que as monxas consideraran improcedente, non podían bailar con eles ou bicarse.

*Incluso inculcábannos que cos nenos as nenas non podíamos xogar e se o facías fora, que era o mais normal, acababas por te sentir culpable (1955)
Sempre decían o mesmo: darse un bico era pecado mortal (1961)*

A visión que as monxas transmitían dos nenos facían que as alumnas foran construindo unha imaxen dos nenos como instrumento de tentación permanente, uns seres descoñecidos e malignos, pero non por iso faltos de atractivo.

Nalgunhas ocasións, e sempre en privado, algunha monxa moi especial, cariñosa e asequible ás alumnas, tocaba o tema biolóxico da maternidade, pero con prudencia. Como afirma unha das narradoras, *“ensinoume fotos dun libro sobre embarazo e parto das ovellas, nada de coito que o que me interesaba mais, e despois extrapolouno á especie humana”* (1958).

Con todo, as nenas relacionábanse cos nenos fora do recinto escolar, e incluso buscaban oportunidades para velos cando estaban no colexio, a través das ventanas, truco que as monxas coñecían e evitaban sempre que lles era posible. Unha das narradoras relata que cando as nenas estaban no patio algúns nenos subían ao muro para miralas, e que ela tiña un admirador. A separación total, na práctica, era inviable.

Estratexias de adaptación

Ao final, logrei sobrevivir...

As alumnas utilizaban diferentes tipos de estratexias para facer mais agradable a súa estancia nos colexios de monxas. Unhas veces saíanse das normas, nunha actitude conscente de desobediencia, a través de actos de rebeldía; outras veces facían pequenas travesuras. Tamén procuraban disfrutar de algunhas situacións lúdicas que lles ofrecía o centro, sobre todo a través das actividades extraescolares, e incluso había nenas, aínda que moi poucas, que manifestan explícitamente un agradable recordo do seu paso polas monxas.

Cando podíamos, armabamos moito barullo...

Algunhas alumnas trasgredían as normas, arriscándose a ser castigadas. As rebeldías podían ser unha opción individual ou colectiva. Exemplos de condutas individuais eran falar sen permiso, correr polos pasillos, andar con nenos pola rúa, non levar mandilón ou uniforme, esconderse para fumar, escabullirse das misas ou rosarios, ou algunhas pequenas travesuras como tirar tizas polas xanelas, esconderse nun armario, etc. En outras ocasións as trasgresións estaban mais organizadas e eran asumidas por un grupo amplo de alumnas, sendo as mais

usuais os alborotos xeneralizados nas aulas cando estaban solas ou con algunha monxa incapaz de controlar o orden:

Na clase de música algunha vez púñanos música clásica, pero ela se sentaba na silla e se dormía. As alumnas faciamos moito barullo, pero non se enteraba; cando terminaba o disco a despertabamos e ela concluía decíndonos que a música daba moita paz interior (1967)

Os actos rebeldes mais claros que encontramos nos relatos son unha canción que inventaron unhas alumnas de 8º de E.X.B., titulada “Mueran las monjas”, que cantaban no recreo, e unha folga feita no bacharelato pola expulsión dunha compañeira.

O día da patrona vestiámonos de gala...

Nos colexios de monxas facíanse moitas actividades extraescolares, unhas relacionadas con festas relixiosas e outras de tipo cultural ou deportivo. O nadal, o mes de maio e algunhas festividades sinaladas do santoral eran os momentos en que se realizaban mais actividades: disfrazarse no belén, engalanar a capilla, recitar versos, cantar no coro, saír de procesión, etc. En outros momentos, en especial a final do curso, ampliábase a oferta con representacións teatrais, bailes rexionais ou modernos, clases de pintura, visitas a museus, excursións, actividades deportivas, concursos, festivais, exposicións de traballos, cine, etc.

Recordo que cando tiña 8 anos fixemos unha representación teatral nun cine do pobo. Levabamos un vestido como si fose de andaluza, de volantes brancos e azuis. Estoume vendo antes de entrar no escenario pintándonos os beizos e os ollos, era emocionante (...) Encantábame tamén disfrazarme no nadal, para facer o belén vivinte, aínda que eu sempre facía de pastora, e recordo que me quedaba triste cando non me elixían para Virxe (1956)

Tamén teño bos recordos...

Aínda que a maior parte das nosas narradoras teñen recordos negativos do seu paso polas monxas, son capaces de revivir momentos agradables, situados nas festas, nos xogos dos recreos, nas travesuras e, sobre todo, nas amizades que fixeron entre as compañeiras, amizades que algunhas delas conservan hoxendía.

Moi poucas son as narradoras que fan unha valoración positiva do seu colexio, aínda que recoñecen a existencia de algúns problemas. Consideran esa etapa da súa vida como un tempo feliz, porque nunca se sentiron humilladas nen atemorizadas, porque disfrutaban coas súas comañeiras e, sobre todo, porque esa etapa forma parte da infancia perdida e añorada. Algún relato transmítenos unha sensación de tranquilidade e satisfacción:

Fai un ano pasei polo colexio. Vin unha ventá aberta, atrevínme a mirar. De seguido veu a min un cheiro a lapis, a goma, a pegamento, a ese olor que había cando eu estudiaba alí... Afloraron na miña mente aquelas imaxes tenras, imaxes da miña infancia que se desenvolveron na súa maior parte neste centro (1966)

Pero estas vivencias son as excepcións. O conxunto dos relatos transmiten unha visión moi negativa dos colexios de monxas.

As ventaxas do ensino público

No colexio de relixiosas é onde se deron os meus peores recordos escolares. A partir de ahí, cando entrei no instituto, cambiou todo para millor, en todos os aspectos (1955)

É moi difícil coñecer ata que punto esta imaxe tan negativa das monxas é específica deste tipo de colexios, ou é algo común a todo o sistema educativo da época que reflexan as nosas narradoras ¿Que visión terían, se en vez de estudar nos colexios de monxas, houberan sido escolarizadas en centros públicos? É posible facer unha comparación gracias a que a maior parte das nosas narradoras pasaron, durante a súa vida escolar, tamén por centros públicos. Constatamos tres recorridos típicos:

1. primaria en centros públicos - secundaria en colexios de monxas
2. primaria en colexios de monxas - secundaria en centros públicos
3. primaria e secundaria en colexios de monxas - C.O.U en centros públicos

A maior parte das narradoras que naceron antes da década dos 60 escolarizáronse en centros públicos e pasaban aos colexios de monxas para facer o bacharelato, ante a escasez de institutos. Unha vez implantada a Ley General de Educación de 1970 modificouse este recorrido. Por un lado, aumentou o número de narradoras que estudaron a E.X.B. en colexios de monxas, na súa maioría subvencionados, trasladándose posteriormente a cursar o bacharelato aos institutos, agora xa con maior presenza no ámbito rural. Por outro lado, tamén se incrementou o número de alumnas que estudaron a primaria e a secundaria en colexios de monxas, sendo o seu primeiro contacto cos centros públicos o curso de orientación universitaria.

Recorrido 1. Primaria en centros públicos - Secundaria en colexios de monxas

A continuación vamos a analizar como viviron estes cambios as narradoras, considerando en primeiro lugar o caso das nenas que iniciaron a súa escolarización en centros públicos, para cursar, posteriormente, o resto da primaria ou a secundaria nos colexios de monxas.

En xeral constatamos que o paso aos colexios de monxas é percibido como algo negativo, explicitándose diversos motivos como perda de liberdade, excesiva disciplina, demasiado rigor no estudio, aumento dos castigos e das humillacións, clasismo, prohibición de relacionarse cos nenos, moita uniformidade, ambiente triste, rezos constantes, control da vida diaria, e, incluso, unha mala preparación do profesorado

Algúns fragmentos biográficos son moi explícitos á hora de recordar ese tránsito:

Narradora nacida no ano 1955:

Estudou nunha escola pública de nenas, unitaria e rural, dende os 5 aos 9 anos. Xunto a este local escolar estaba a escola dos nenos. Recorda

con agarimo á súa profesora, porque era amable e ensinaba moi ben. Gustáballe ir á escola e aprender. No recreo xogaban moito, nenas e nenos xuntos, e tamén cos profesores, que organizában xogos nun bo ambiente de camaradería e con moito contacto coa natureza. “Aquí, neste contexto, é onde situo os meus millares recordos escolares”.

Aos 9 anos foi a un colexio de monxas situado a 12 kilómetros do seu pobo. Resume a educación que recibiu como clasista, polo favoritismo do que gozaban as nenas mais ricas, e sexista, porque se puñan todas as dificultades posibles para que non conviviran cos nenos, así como unha educación contradictoria e fora da realidade. No colexio estivo ata os 16 anos e “ata os 14 foron os meus peores anos, porque nos dous últimos as súas historias xa non influín en min”. Describe, como un exemplo típico das monxas, a unha profesora que impuña unha disciplina militar, que castigaba e humillaba ao mínimo fallo, nefasta profesionalmente, porque en vez de explicar leía a lección tal e como viña no libro, e non admitía que se lle fixesen preguntas. Recoñece que había algunhas excepcións, que eran todo o contrario, “axudábante a superar o que facían as outras; ¡menos mal que había alguén distinto con quen se podía falar, que te escoitaba, axudábate e comprendíate”.

Esta é a tónica xeral dos relatos, se ben existen casos excepcionais que manifestan malos recordos tanto da escola pública como do colexio de monxas. Tan so existe un relato no que a entrada no colexio de monxas é rememorado como un tránsito positivo:

Narradora nacida no ano 1954:

Ingresou na escola aos 9 anos, unha escola rural mixta que distaba uns tres quilómetros do seu domicilio. Comenzou moi contenta, “mais pouco a pouco esa ilusión foise perdendo ata se converter nun rexeitamento total”. A causa foi unha mestra que actuaba con disciplina militar, con castigos físicos constantes como única estratexia para manter a autoridade e o orden. Esta situación de medo acabou por afectarlle fisicamente, e así a narradora culpa á súa mestra dunha anemia e unha pneumonía que a tivo un ano encamada. “Foi así como sucederon as cousas, aínda que pareza un desenlace terrorífico, cruel...”

A solución pola que se optou foi internar á nena nun colexio de monxas na cidade. Tardou un tempo en se adaptar, sobre todo porque as compañeiras se rían dela por falar galego. Tivo a sorte de topar cunha monxa cariñosa, comprensiva, que a axudou nos momentos difíciles. “Aí comenzou o colexio realmente, e a miña ilusión por aprender, ter amigas e vivir”

Recorrido 2. Primaria en colexio de monxas - Secundaria en centros públicos.

Algunhas das nosas narradoras escolarizáronse por primeira vez en colexios de monxas, onde cursaron preescolar e primaria ou E.X.B. Todas elas estudaron no lugar en que vivían, na cidade ou vilas importantes, onde estaban instalados os colexios de monxas.

A maior parte delas gardan peores recordos das monxas que do instituto, incluso manifestan este cambio como unha decisión propia, despois de convencer ás súas nais e pais. O que mais lles disgustaba dos colexios de monxas era a

discriminación e o clasismo, a frecuencia dos castigos e o ambiente cargado de prácticas relixiosas. Do instituto, os mellores recordos se sitúan no profesorado, mais comprensivo e con millor preparación pedagóxica, e no ambiente reivindicativo (sentadas, folgas, manifestacións). Unha parte importante destes institutos xa eran mixtos e de nova creación, quizais por este motivo tiñan un profesorado novo, mais asequible ao alumnado e mais interesado pola renovación pedagóxica. Pola contra, non sempre tiñan instalacións axeitadas, probablemente peores que as dos colexios de monxas.

Vexamos a continuación algúns dos exemplos mais representativos:

Narradora nacida no ano 1960

Estudou dende os 6 anos ata os 13 (3º de bacharelato elemental) nun colexio de monxas con moi boas instalacións. O que mais lle gustaba eran as festas e a ximnasia. Sen embargo, notaba que as monxas eran moi inxustas e moi clasistas, o que xeneraba un ambiente tenso e desagradable. Non aguantaba no colexio e insistiu na súa casa para que a deixaran facer o resto do bacharelato nun centro público (“consegún que me cambiaran para o instituto”).

Do novo centro gustáballe, sobre todo, o profesorado que tiña, “toda xente moi práctica”, recorda con agrado que relacionaban a materia con aspectos da vida cotián, que as clases eran divertidas y que conseguiran que se interesara polas asignaturas; aprendeu a facer comentarios e a estudar.

Tamén atopamos casos de narradoras que teñen mellores recordos das monxas que do instituto. Son mulleres que se escolarizaron ná década dos 70, xa implantada a Lei Xeral de Educación, e, polo tanto, nun período de reforma educativa que provocou milloras didácticas, sobre todo, na escolarización obrigatoria. Fálanos de clases agradables, de xogos, festas e dun ensino de calidade. O paso ao instituto rememóranno como unha etapa de maior esixencias académicas, mais distanciamento entre o profesorado e o alumnado, e maior conservadurismo didáctico. Parece que a crítica se presenta mais en términos de etapas educativas, (como está plantexado o ensino secundario, en comparación coa E.X.B.) que pola comparación entre os dous tipos de centros.

Narradora nacida no ano 1966.

Fixo a E.X.B. nun colexio de monxas pouco esixente en cuestións relixiosas. Ten bos recordos do sistema de ensino, sobre todo pola frecuencia de actividades innovadoras, do ambiente físico das aulas e das festas (“manteño que foi a etapa mais marabillosa”).

Cando foi ao instituto a facer o bacharelato, notou un cambio moi brusco. Todo se fixo mais duro, mais esixente: “gustaríame que na secundaria se mantivera o afán de motivación que existía na E.X.B.”

Unha das nosas narradoras tivo peor sorte que as súas compañeiras: o seu paso pola institución escolar foi totalmente negativa, tanto nas monxas como no instituto. Ata chegar á Escola de Maxisterio nunca se sentira a gusto, nin como estudante nin como persona.

Recorrido 3. Primaria e secundaria en colexios de monxas - C.O.U. en centros públicos.

Un número reducido de narradoras pasou ata os 16-17 anos en colexios de monxas, tendo o seu primeiro contacto co ensino público en C.O.U., nalgúns casos porque o colexio non ofertaba este curso, e noutros porque a interesada quería cambiar de centro. A pesar de que C.O.U. está plantexado como un curso de preparación da selectividade (ensinar e aprender para ter éxito nun exame), o cambio foi positivo. O control era menor, as normas eran menos estrictas, existía mais independencia e autonomía, había mais debates nas clases, xa non se tomaba a lección diariamente, participábase en protestas e folgas estudiantís, non existía un control ríxido de asistencia a clase, o contacto entre o centro e as nais e pais xa non era tan frecuente, e convívíase dun xeito natural co outro sexo. Abríase ante as adolescentes unha nova experiencia como alumnas.

Esta idea do paso dun tipo de centro a outro traslúce nas narracións:

C.O.U. foi un curso de cambio; aburrida das monxas quixen ir ao instituto, onde me atopei cun xeito de ensino, control, problemas etc. totalmente distinto: podías ir a clase ou non (eu iba), folgas, menos exames, novas amistades..., un dos cursos mais fructíferos para min (1959).

Consideracións finais

Como xa se indicou na introducción deste traballo, non se trata de describir como era a vida nos colexios de monxas, senon de como é recordado por algunhas mulleres que pasaron algún momento da súa etapa escolar por este tipo de institucións educativas. Polo tanto, non se pretende facer xeneralizacións, no senso empírico do termo, pero sí se pode realizar unha xeneralización naturalista, mediante a que a lectora ou lector pode analizar ata que punto as experiencias narradas poden ser semellantes, ou non, ás súas propias.

Con todo, podemos extraer algunhas vivencias comúns nos relatos. A maior parte das narradoras coinciden en recordar o seu paso polas monxas como unha experiencia negativa, debido, sobre todo, á saturación de prácticas relixiosas, o seu clasismo, a disciplina férrea, as humillacións, o ríxido control das condutas (incluídas as de fora dos muros do colexio) e o nulo contacto co outro sexo.

Nas décadas dos 50 e 60 non debía ser moi diferente o ambiente noutro tipo de centros; sen embargo, as nosas narradoras gardan, no seu conxunto, un recordo moito mais positivo dos centros públicos. Quere isto dicir que, nestes contextos biográficos particulares, a escolarización nos colexios de monxas é rememorado como unha experiencia negativa, como alumnas e como personas.

Referencias

Chase, S.E. (1995): Taking Narrative Seriously: Consequences for Method and Theory in Interview Studies. *The Narrative Study of Lives*, 3, 1-26.

Goodson I. (1991): History, Context and Qualitative Methods. In I. Goodson and R. Walker (eds.): *Biography, Identity and Schooling. Episodes in Educational Research*. London, New York and Philadelphia: Falmer Press (pp. 114-136)

Kimery, J. (1992): El contexto olvidado. *Historia y Fuente Oral*, 8, 145-157.

Pujadas Muñoz, J.J. (1992): *El método biográfico: El uso de las historias de vida en ciencias sociales*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.

Rosenthal, G. (1993): Reconstruction of Life Stories. Principles of Selection in Generating Stories for Narrative Biographical Interviews. *The Narrative Study of Lives*, 1, 59-91.

Widdeshoven, G.A.M. (1993): The Story of Life. Hermeneutic Perspectives on the Relationship Between Narrative and Life History. *The Narrative Study of Lives*, 1, 1-20.